

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 17, 1-11a

Naquel tempo, elevando os ollos ó ceo, dixo Xesús:

– «Pai, chegou a hora: glorifica ó teu Fillo, de xeito que o Fillo te glorifique a ti; conforme lle deches poder sobre todo home, para que dea vida eterna a todos os que ti lle deches.

(E nisto consiste a vida eterna: que te coñezan a ti, o único Deus verdadeiro, e a quen mandaches, Xesús Cristo).

Eu glorifiqueite na terra, rematando a obra que me deches a facer. E agora, Pai, glorifícame onda ti, coa gloria que eu tiña onda ti, antes de que o mundo existira.

Eu manifesteite ós homes que me escolliches do mundo. Eran teus, e déchesmos, e gardaron a túa palabra.

Agora coñecen que todo canto me deches vén de ti, pois entreguilles as palabras que ti me encomendaches e eles recibíronas; coñeceron verdadeiramente que saín de onda ti, e creron que ti me mandaches.

Eu rógoche por eles; non che rogo polo mundo, senón polos que me deches, pois pertécenche; todo o meu é teu; e o teu, meu; e neles quedo eu glorificado.

Eu xa non vou estar no mundo; pero eles quedan no mundo, mentres que eu vou onda ti.»